

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 10 DE OUTUBRO DO 2024.

ASISTENTES:

<p>Presidente: MARIÑO DE BRICIO VICENTE</p> <p>Membros que asisten: SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS</p>	<p>Interventor: BAO CASTRO PABLO</p> <p>Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p>Membros que non asisten: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO</p>
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:05 do día Dez de Outubro do Dous mil vinte e catro, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 14 de xullo de 2023, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 03/10/2024

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202410/023

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 02/10/2024. DECRETO: "Requirimento para a xustificación de ofertas económicas, en principio, anormalmente baixas, presentadas no expediente para a adxudicación do contrato para executar as obras do proxecto de "MELLORA DO FIRME DO CAMIÑO MAMOALAXES"

3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202410/024

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 02/10/2024. DECRETO: "Requirimento para a justificación de ofertas económicas, en principio, anormalmente baixas, presentadas en el expediente para la adjudicación del



contrato de obras del proyecto de "REHABILITACIÓN DEL CENTRO DE INTERPRETACIÓN ARQUEOLÓGICA DE SAN ROQUE"

4.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Daniel Davila Martínez (1)

Vistos os escritos presentados por **Daniel Davila Martínez**, de data 07/10/2024 (Registro de entrada nº 25.165), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Rosquillas e cafetaría – 6,00 m.), os días 12 e 13/10/2024, no exterior do Polideportivo da Fieiteira, co motivo da celebración do campionato de Taekondo; así como autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Rosquillas – 3,00 m.), o día 13/10/2024, no exterior da Capilla dos Remedios (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar** a **Daniel Davila Martínez** para a instalación dun posto de venda ambulante (Rosquillas e cafetaría – 6,00 m.), os días 12 e 13/10/2024, no exterior do Polideportivo da Fieiteira, co motivo da celebración do campionato de Taekondo; así como autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Rosquillas – 3,00 m.), o día 13/10/2024, no exterior da Capilla dos Remedios (Ribeira).
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta dos citados postos de venda ambulante.**
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

5.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Daniel Davila Martínez (2)

Visto o escrito presentado por **Daniel Davila Martínez**, de data 07/10/2024 (Registro de entrada nº 25.187), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Rosquillas – 3,00 m.), os días 31/10/2024 ao 01/11/2024, no exterior do Cemiterio Municipal de Palmeira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar** a **Daniel Davila Martínez** para a instalación dun posto de venda ambulante (Rosquillas – 3,00 m.), os días 31/10/2024 ao 01/11/2024, no exterior do Cemiterio Municipal de Palmeira.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta dos citados postos de venda ambulante.**
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



6.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Ofelia Costa Moledo

Visto o escrito presentado por **Ofelia Costa Moledo**, de data 08/10/2024 (Registro de entrada nº 25.240), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Empanadiñas – 1,00 m.), os días 12, 19 e 26/10/2024, na Rúa Rosalía de Castro (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar** a **Ofelia Costa Moledo** para a instalación dun posto de venda ambulante (Empanadiñas – 1,00 m.), os días 12, 19 e 26/10/2024, na Rúa Rosalía de Castro (Ribeira).
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta dos citados postos de venda ambulante.**
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

7.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

20652 16.08.2024 UNAI GONZÁLEZ SUÁREZ, pintado exterior da casa en cor branco, previa limpeza con hidrolimpiadora, en Teixoeira, Gándara, Artes.

8.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

22401 09.09.2024 LUCAS ULISES ANDRADE RAMOS, mantemento de fachada, na rúa Portugal, 1, Ribeira.

9.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

22399 03.09.2024 M^{ra} DEL CARMEN FERNÁNDEZ MUÑÍZ, mantemento de fachada, Ameixida, 4, Castiñeiras.



10.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

22595 10.09.2024 CALEFACCIONES CAMARI S.L., bomba de calor aerotermia para calefacción, na rúa Coroso, nº 12, Palmeira.

11.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

22623 11.09.2024 VANESA CRUJEIRAS MARTÍNEZ, cambio de fiestras, na rúa Miguel Rodríguez Bautista, nº 12, Ribeira.

12.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (6)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

9923 22.04.2024 C.P. URBANIZACIÓN PALMEIRA, reparación de fachadas da edificación e de urbanización privada da parcela, na rúa do Norte, nº 48, Palmeira.

13.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (7)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

21127 26.08.2024 ALEX ABRALDES ÁLVAREZ, cierre de planta baixa, na rúa da Tasca, nº 18, Aguiño.

14.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (8)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

22660 11.09.2024 MARÍA ASUNCIÓN LIJÓ GARCÍA, obras de renovación parcial de acabado de fachada, limpeza de cubertas e obras de reparación de deficiencias na vivienda unifamiliar adosada, situada na rúa Buenos Aires, nº 135, Corrubedo.



15.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (9)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

23017 16.09.2024 PATRICIA CAMEAN DORCA, pintado de fachada, na rúa Real, nº 26, Corrubedo.

16.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (10)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

22975 16.09.2024 PATRICIA DOMÍNGUEZ RODRÍGUEZ, illamento sate na fachada traseira e impermeabilización de cuberta, na rúa Rueiro, nº 14, Palmeira.

17.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE SOTO E PLANTA BAIXA. PROMOTOR: CARLOS JAVIER GARCÍA MARTÍNEZ. LUGAR: RÚA A FIETEIRA, Nº 8, RIBEIRA

Queda sobre a mesa a solicitud de licenza urbanística de obra maior para licenza de obra maior para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE SOTO E PLANTA BAIXA**, no lugar de **RÚA A FIETEIRA, Nº 8, RIBEIRA**, da que é promotor **D. CARLOS JAVIER GARCÍA MARTÍNEZ**.

18.- LICENZA MUNICIPAL -PROXECTO DE EXECUCIÓN- PARA REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR. PROMOTORA: PILAR FANDIÑO CAMINO. LUGAR: RÚA AMENEIROS, Nº 3, RIBEIRA

VISTA a solicitud de licenza urbanística de obra maior **-PROXECTO DE EXECUCIÓN-** para **REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR**, no lugar de **RÚA AMENEIROS, Nº 3, RIBEIRA**, da que é promotora **DNA. PILAR FANDIÑO CAMINO**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o **acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de novembro de 2023**, o **informe técnico** emitido polo **arquitecto municipal** con sinatura dixital favorable de **día 20 de setembro de 2024**, , o **informe do técnico de administración xeral** de data **30 de setembro de 2024** e o **informe do secretario xeral** da Corporación de data **1 de outubro de 2024**, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:- PRESTAR CONFORMIDADE á nova documentación aportada ao expediente da



licenza de obra nº 39/23, concedida pola Xunta de Goberno local en sesión celebrada na data 16 de novembro de 2023 a **Dna. Pilar Fandiño Camino**, consistente en **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data **5 de marzo de 2024** redactado polo arquitecto D. José A. Gómez Domínguez, (col. nº 4.169) así como **Oficio de Execución Material** visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data **7 de marzo de 2024**, e **Oficio de Coordinación de Seguridade e Saúde** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de data **1 de febreiro de 2024**.

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a comunicación previa de primeira ocupación segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a LSG, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- Acta de recepción de edificio terminado.*
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.*
- Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveles sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*

QUINTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de*



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20241412913
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 11/10/2024 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/10/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/10/2024 09:04:40		Fecha: 14/10/2024 Hora: 09:04



ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.

- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

SEXTO:- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20241412913
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 11/10/2024 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/10/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/10/2024 09:04:40		Fecha: 14/10/2024 Hora: 09:04



obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

19.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA - Emilio Serrano Sobrino

Visto o escrito presentado por **Emilio Serrano Sobrino**, de data 20/09/2024 (Registro de entrada nº 23.632), no que solicita información urbanística en relación á parcela situada na rúa Mosqueiros Nº 34, en Ribeira, con referencia catastral 15074A019008300000KQ.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 02/10/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202400023632 do día 20 de setembro de 2024.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en diante LSG



- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en diante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en diante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en diante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en diante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 15074A019008300000KQ, no seu plano 4.13 de Clasificación y Cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Castiñeiras), a escala E:1/2000 coma solo urbano Residencial extensiva unifamiliar illada, artigo 157 do PXOM, Ordenanza 6.3.A.

As condicións destas Ordenanzas son:

- **Ordenanza 6.3.A. Residencial extensiva unifamiliar illada, artigo 157 do PXOM:**

Comprende esta Ordenanza as áreas de solo urbano menos densificados dos núcleos urbanos en contacto cas direccións de estrada e rúas definidas nos Planos de Ordenación, na que se localizan vivendas unifamiliares illadas con xardíns na parte da súa parcela non edificada.

1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obra de:

- demolición
- reforma
- ampliación
- nova planta

1.2. Usos globais

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda unifamiliar.

Usos admisibles: Só se admitirán ademais do uso característico as terciarias que teñan unha relación de dependencia directa co uso principal, tales coma restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados cas actividades residenciais e do sector primario, permitíndose o uso dotacional e a vivenda colectiva, conservándose a parcela e o tipo de edificación.

1.3 Tipoloxías edificatorias

A tipoloxía edificatoria é a de vivenda unifamiliar illada.

1.4. Normativa sectorial

Cada uso que se inclúe na edificación deberá estar suxeito á normativa sectorial que lle afecte. O uso residencial queda regulado globalmente polas condicións de habitabilidade do Decreto 311/1992.

2. Parámetros da edificación



2.1. Condicións da parcela

Parcela mínima: 500 m².

Fronte mínima: 12 metros.

Condicións de forma: A forma da parcela permitirá a inscrición dunha circunferencia de 12 m. de diámetro.

2.2. Condicións de ocupación

Ocupación máxima da parcela: 30%.

Recuados: A posición da edificación quedará recuada respecto aos lindeiros: 3 metros e ás vías a establecida nestas normas.

2.3. Condicións de volume

Edificabilidade máxima: 0,8 m²/m²

Computando a estes efectos a planta semisoto a partir dunha altura sobre rasante de 1 metro.

Altura da edificación:

Nº plantas: Baixo + unha planta + Baixo cuberta, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 m. Admítese a planta soto.

H. máxima: 6,5 metros.

Altura de coroación: 4,0 m. desde el último forxado.

Os porches abertos computarán a efectos de edificabilidade a metade da súa superficie sempre que teñan unha profundidade maior que 1 metro.

As terrazas computarán sempre a metade da súa superficie.

2.4. Elementos arquitectónicos

Peche de parcelas: Só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 m. podéndose aumentar dita altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1 metro. No caso de peches realizados con pedra natural a parte cega pode acadar unha altura máxima de 1,5 metros.

Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, computando edificabilidade e ocupación. Sempre nunha soa planta, cunha altura máxima de 3 metros, no caso de superar os 15 m², só se autorizaran se existe a edificación principal.

Corpos voados pechados: Autorízanse voos sobre as fachadas cunha dimensión máxima de 0,9 m. debendo ser vidradas nun 50% da súa superficie.

Cornisas e aleiros: A dimensión máxima do saliente de cornisas e aleiros será de 0,4 metros.

Balcóns e terrazas: Nos corpos voados non se autorizará a sobresaír sobre o voo permitido con balcón e terrazas. No resto dos casos a súa dimensión máxima será de 0,6 m.

Cubertas: As cubertas se resolverán prioritariamente a dúas augas utilizando en cualquier caso como material de cobertura tella cerámica. Estarán compostas de faldóns rectos del aleiro ao cumio, prohibíndose a construción de mansardas.

2.5. Condicións ambientais e estéticas

A intención é a de conseguir unha franxa de edificación en baixa densidade con gran proporción de espazos axardinados e arboredas.



Peches exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos utilizados no proceso de formación da paisaxe histórica. Prohíbese o emprego de mais de dous materiais en fachada, adoptando solucións tipolóxicas propias do entorno. Prohíbense os muros de bloques sen revestir e pintar.

Na carpintería exterior do edificio poderanse empregar madeira, ferro, aluminio ou plástico sempre que estean pintados, lacados ou coreados.

Prohíbese o aluminio na súa cor natural.

Composición de fachadas e ocós: Tomarase coma referencia a arquitectura popular existente na zona.

Recomendase que os ocós das ventás deberán ter forma cadrada ou rectangular, neste caso, o lado vertical será sempre maior co horizontal.

Integración no medio natural: A edificación deberá estar integrada no medio natural, debendo quedar convenientemente axardinado o espazo comprendido entre os edificios e os lindeiros da parcela.

5. AFECCIÓNS SECTORIAIS

A parcela, encóntrase parcialmente, en zona de policía de canles, polo que en caso de levar a cabo calquera actuación deberá solicitar autorización a Augas de Galicia.

6. OBSERVACIÓNS

O camiño ao que da fronte esta parcela, non figura coma camiño público no inventario municipal do Concello, polo que deberá verificarse a súa titularidade pública para garantir a súa condición de solar.

20.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – María Milagros García Pego

Visto o escrito presentado por **María Milagros García Pego**, de data 28/08/2024 (Registro de entrada nº 21.320), no que solicita certificación urbanística en relación á edificación con refª catastral nº 0716610NH0101N0001TF e sita na Rúa Rosalía de Castro nº 18, Ribeira.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 02/10/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación con refª catastral nº 0716610NH0101N0001TF e sita na Rúa Rosalía de Castro nº 18, Ribeira.



21.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Fernando Sanmiguel Ayaso

Visto o escrito presentado por **Fernando Sanmiguel Ayaso**, de data 23/09/2024 (Registro de entrada nº 23.653), no que solicita certificación urbanística en relación á parcela con refª catastral nº 15074A043001970000KK e sita no Lugar de Bretal nº 215, Olveira.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 04/10/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á parcela con refª catastral nº 15074A043001970000KK e sita no Lugar de Bretal nº 215, Olveira, Ribeira.

22.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Bernardino Muñiz Martínez

Visto o escrito presentado por **Bernardino Muñiz Martínez**, de data 19/08/2024 (Registro de entrada nº 20.682), no que solicita certificación urbanística en relación a titularidade de camiños e condicións de recuados de muros de peche (parcela con refª catastral nº 8885506MH9088n0001YW - Rúa Vella, Aguiño).

Visto o informe xurídico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 04/10/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Consultados PXOM, documentación catastral, Inventario de Vías do Concello de Ribeira, documento de propiedade da parcela con ref. catastral 8885506MH9088n0001YW, e realizadavisita de inspección, pódese informar en canto aos camiños e condicións de recuados o seguinte:

- **Camiño sinalado no plano nº 1 da documentación presentada en cor amarela:**

Trátase dunha rúa de titularidade municipal (Rúa Vella) e pública. A condición en canto a aliñación e recuado para muros de peche é de 4,00 metros ao eixe da rúa.

En canto ás características do peche, só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1,00 metro, podéndose aumentar dita altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1,00 metro. No caso de peches realizados con pedra natural, a parte cega pode acadar unha altura máxima de 1,50 metros.

- **Camiño sinalado no plano nº 2 da documentación aportada en cor amarelo:**


Non é camiño público.

Todo sen prexuízo de que se aporte documentación ou probas concluíntes que demostren o contrario.

Achégase plano do Inventario Municipal de Vías no que se sinalan os camiños e a súa



Natureza



23.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Manuela Paz Mariño

Visto o escrito presentado por **Manuela Paz Mariño**, de data 24/09/2024 (Registro de entrada nº 23.951), no que solicita información urbanística en relación á parcela situada na rúa Mosqueiros Nº 34, en Ribeira, con referencia catastral 15074A921011370000UE.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 07/10/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira o día 25 de setembro de 2024.



2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 15074A921011370000UE, no seu plano 4.15 de Clasificación y Cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Castiñeiras), a escala E:1/2000 coma solo urbano Residencial extensiva unifamiliar illada, artigo 157 do PXOM, Ordenanza 6.3.A.

As condicións destas Ordenanzas son:

- **Ordenanza 6.3.A. Residencial extensiva unifamiliar illada, artigo 157 do PXOM:**

Comprende esta Ordenanza as áreas de solo urbano menos densificados dos núcleos urbanos en contacto cas direccións de estrada e rúas definidas nos Planos de Ordenación, na que se localizan vivendas unifamiliares illadas con xardíns na parte da súa parcela non edificada.

1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obra de:

- demolición
- reforma
- ampliación
- nova planta

1.2. Usos globais

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda unifamiliar.

Usos admisibles: Só se admitirán ademais do uso característico as terciarias que teñan unha relación de dependencia directa co uso principal, tales coma restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados cas actividades residenciais e do sector primario, permitíndose o uso dotacional e a vivenda colectiva, conservándose a parcela e o tipo de edificación.

1.3 Tipoloxías edificatorias

A tipoloxía edificatoria é a de vivenda unifamiliar illada.

1.4. Normativa sectorial



Cada uso que se inclúe na edificación deberá estar suxeito á normativa sectorial que lle afecte. O uso residencial queda regulado globalmente polas condicións de habitabilidade do Decreto 311/1992.

2. Parámetros da edificación

2.1. Condicións da parcela

Parcela mínima: 500 m².

Fronte mínima: 12 metros.

Condicións de forma: A forma da parcela permitirá a inscrición dunha circunferencia de 12 m. de diámetro.

2.2. Condicións de ocupación

Ocupación máxima da parcela: 30%.

Recuados: A posición da edificación quedará recuada respecto aos lindeiros: 3 metros e ás vías a establecida nestas normas.

2.3. Condicións de volume

Edificabilidade máxima: 0,8 m²/m²

Computando a estes efectos a planta semisoto a partir dunha altura sobre rasante de 1 metro.

Altura da edificación:

Nº plantas: Baixo + unha planta + Baixo cuberta, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 m. Admíttese a planta soto.

H. máxima: 6,5 metros.

Altura de coroación: 4,0 m. desde el último forxado.

Os porches abertos computarán a efectos de edificabilidade a metade da súa superficie sempre que teñan unha profundidade maior que 1 metro.

As terrazas computarán sempre a metade da súa superficie.

2.4. Elementos arquitectónicos

Peche de parcelas: Só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 m. podéndose aumentar dita altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1 metro. No caso de peches realizados con pedra natural a parte cega pode acadar unha altura máxima de 1,5 metros.

Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, computando edificabilidade e ocupación. Sempre nunha soa planta, cunha altura máxima de 3 metros, no caso de superar os 15 m², só se autorizaran se existe a edificación principal.

Corpos voados pechados: Autorízanse voos sobre as fachadas cunha dimensión máxima de 0,9 m. debendo ser vidradas nun 50% da súa superficie.

Cornisas e aleiros: A dimensión máxima do saliente de cornisas e aleiros será de 0,4 metros.

Balcóns e terrazas: Nos corpos voados non se autorizará a sobresaír sobre o voo permitido con balcón e terrazas. No resto dos casos a súa dimensión máxima será de 0,6 m.



Cubertas: As cubertas se resolverán prioritariamente a dúas augas utilizando en cualquier caso como material de cobertura tella cerámica. Estarán compostas de faldóns rectos del aleiro ao cumio, prohibíndose a construción de mansardas.

2.5. Condicións ambientais e estéticas

A intención é a de conseguir unha franxa de edificación en baixa densidade con gran proporción de espazos axardinados e arboredas.

Peches exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos utilizados no proceso de formación da paisaxe histórica. Prohíbese o emprego de mais de dous materiais en fachada, adoptando solucións tipolóxicas propias do entorno. Prohíbese os muros de bloques sen revestir e pintar.

Na carpintería exterior do edificio poderanse empregar madeira, ferro, aluminio ou plástico sempre que estean pintados, lacados ou coreados.

Prohíbese o aluminio na súa cor natural.

Composición de fachadas e ocós: Tomarase coma referencia a arquitectura popular existente na zona.

Recomendase que os ocós das ventás deberán ter forma cadrada ou rectangular, neste caso, o lado vertical será sempre maior co horizontal.

Integración no medio natural: A edificación deberá estar integrada no medio natural, debendo quedar convenientemente axardinado o espazo comprendido entre os edificios e os lindeiros da parcela.

5. AFECCIÓNS SECTORIAIS

A parcela, encóntrase dentro da servidume de protección de Costas, polo que para levar a cabo calquera actuación, deberá contar, previamente, ca autorización do Servizo de protección de Costas.

24.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Sara Isabel Méndez Garrido

Visto o escrito presentado por **Sara Isabel Méndez Garrido**, de data 17/01/2024 (Registro de entrada nº 1.415), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A902016340000UI.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 08/10/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no registro xeral do Concello de Ribeira o día 17 de xaneiro de 2024.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela. Só se informa ao respecto da normativa de aplicación, non se autoriza ningunha obra en base a este informe, deberá solicitarse a autorización respectiva

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG



- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando a súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 15074A902016340000UI, no seu plano 2.10 de Ordenación Básico do territorio municipal, clasificación do solo e usos globais, sistema viario, a escala E:1/5.000 como solo rústico de especial protección forestal.

A data de aprobación do PXOM de Ribeira é o día 17 de decembro de 2002.

O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e segundo a DT1ª.2.d. da LSG, ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico., agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 da LSG.

As condicións indicadas na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, son as seguintes:

A Lei do solo, no seu apartado 35 “Usos e actividades en solo rústico”, indica que Os usos e as actividades admisibles en solo rústico serán os seguintes:

- a) Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragaxes, defensa de ríos e rectificación de leitos, abalancamentos, desmontes e recheos.
- b) Muros de contención, así como valado de predios.
- c) Actividades de ocio, tales como práctica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.
- d) Campamentos de turismo cas obras, servizos e instalacións previstas na normativa vixente en materia de turismo, así como zonas especiais de acollida para autocaravanas e caravanas en tránsito, conforme ao establecido en dita normativa; e as instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, de carácter público ou privado, de uso individual ou colectivo, que se desenvolvan ao aire libre, cas obras e instalacións imprescindibles para o uso do que se trate.
- e) Actividades científicas, escolares e divulgativas.
- f) Depósito de materiais, almacenamento e parques de maquinaria e estacionamento ou exposición de vehículos ao aire libre.
- g) Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales coma as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros.
- h) Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandería extensiva e intensiva, granxas, corrais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas.
- i) Construcións e instalacións forestais destinadas á xestión forestal e as de apoio á explotación forestal, así coma as de defensa forestal, talleres, garaxes e parques de maquinaria forestal.
- j) Construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura.
- k) Actividades e instalacións comprendidas no ámbito da lexislación mineira, incluídos os establecementos de beneficio, e pirotecnias.



- l) Instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así coma as estacións de servizo.
- m) Instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.
- n) Construcións destinadas a usos residenciais vinculados á explotación agrícola ou gandeira.
- o) Construcións de natureza artesanal ou de reducida dimensión que alberguen actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, sempre que garden relación directa ca natureza, extensión e destino da finca ou explotación do recurso natural.
- p) Construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo que sexan potenciadoras do medio onde se ubiquen.
- q) Construcións e instalacións para equipamentos e dotacións públicos ou privados.
- r) Outros usos análogos que se determinen regramentariamente e coordinados entre a lexislación sectorial e a presente lei.

Os restantes usos en solo rústico son usos prohibidos.

No artigo 39 Condicións xerais das edificacións no solo rústico, indícase:

Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, haberá de xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

- a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, ou subministro de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, no seu caso, a previsión de aparcamentos suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.
- b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así coma todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.
- c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:
 - a. As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes ca paisaxe rural e as construcións do entorno, sen prexuízo de outras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.
 - b. O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, salvo cando resulte imprescindible superalo por esixencias do uso ou actividade.
 - c. En todo caso, haberán de adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do releve natural dos terreos.
 - d. Os peches de fábrica no poderán exceder de 1,5 metros de altura, debendo adaptarse ao medio no que se ubiquen.
 - e. A altura máxima das edificacións non poderá exceder de dúas plantas nin de sete metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta
- d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:
 - a. Deberá xustificarse suficientemente a idoneidade do emprazamento elixido e a imposibilidade ou inconveniencia de emprazalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l), m) y n).
 - b. A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, e non resultará esixible o cumprimento deste requisito para os

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800158F3100G9R0F0Z3M1U2 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p>LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 11/10/2024</p> <p>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/10/2024</p> <p>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/10/2024 09:04:40</p>	<p>DOCUMENTO: 20241412913</p> <p>Fecha: 14/10/2024</p> <p>Hora: 09:04</p>
---	---	---



- usos regulados no artigo 35.1.m), para a ampliación de cemiterios e para as instalacións temporais que presten servizos necesarios ou convenientes para a utilización e desfrute do dominio público marítimo-terrestre.
- A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie da finca.
 - Os edificios se situarán dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar mais apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e á menor alteración da topografía del terreo.
 - Os recuados das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.
 - As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

Manterase o estado natural dos terreos ou, no seu caso, o uso agrario de eles ou con plantación de arborado ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

5. AFECCIÓNS SECTORIAIS

A parcela encóntrase dentro da zona de servidume de protección de Costas, polo que para levar a cabo calquera actuación, deberá solicitar autorización ao organismo competente da Xunta de Galicia.

25.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Carlos Santamaría Blanco

Visto o escrito presentado por **Carlos Santamaría Blanco**, de data 30/09/2024 (Registro de entrada nº 24.507), no que solicita certificación urbanística en relación á parcela con refª catastral nº 15074A009001570004XG e sita no lugar da Mámoa nº 9, Polígono 9, Parcela 157, Ribeira.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 08/10/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á parcela con refª catastral nº 15074A009001570004XG e sita no lugar da Mámoa nº 9, Polígono 9, Parcela 157, Ribeira.

26.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE MODIFICADO DE LICENZA DE AGRUPACIÓN E POSTERIOR SEGREGACIÓN DE PARCELAS Nº 1/17 CONCEDIDA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN DE DATA 9 DE FEBREIRO DE 2017.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural B.

SITUACIÓN: Lugar de A Graña nº 53, Carreira, Ribeira.

REFª CATASTRAIS: 15074A022004120000KG e 001300100MH90H0001FY.

PROMOTOR/A: Inicialmente Sra. María Parada Vidal, actualmente Sra. Ramona Lampón Parada.

AUTOR/A PROXECTO: Sr. Manuel Vidal García, (arquitecto técnico).



PROXECTO: Estudio Técnico de Agrupación e posterior Segregación e de Parcelas de xaneiro de 2017 / Escritura de Propiedade.

NOVA DOCUMENTACIÓN: Proforma de Escritura de Agrupación e Segregación de Parcela, presentada o día 27 de setembro de 2024, (Registro de entrada nº 24.318)

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Visto o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 9 de febreiro de 2017 e que por unanimidade acorda **CONCEDER** a María Parada Vidal a **LICENZA DE AGRUPACIÓN E POSTERIOR SEGREGACIÓN DE PARCELAS Nº 1/17** solicitada nos termos do Estudio Técnico de Agrupación e posterior Segregación e de Parcelas de xaneiro de 2017 redactado por Manuel Vidal García.

SEGUNDO.- Visto o escrito presentado pola Sra Sra. Ramona Lampón Parada rexistrado de entrada o día 27 de setembro de 2024, (Registro de entrada nº 24.318), mediante os que solicita a modificación da licenza de obras nº 1/17 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 9 de febreiro de 2017 achegando Proforma de Escritura de Agrupación e Segregación de Parcelas.

VISTO o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 01/10/2024, coa conformidade do Secretario Xeral, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 02/10/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Polo anteriormente exposto vista a Proforma de Escritura de Agrupación e Segregación de Parcela, presentada o día 27 de setembro de 2024, (Registro de entrada nº 24.318), e da documentación obrante no expediente, e de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o técnico que subscribe propón, **ACORDAR:**

PRIMEIRO.- CONCEDER á Sra. Ramona Lampón Parada a **MODIFICACIÓN DA LICENZA DE AGRUPACIÓN E POSTERIOR SEGREGACIÓN DE PARCELA Nº 1/17** concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 9 de febreiro de 2017, que afecta ás parcelas con refª catstral nº 15074A022004120000KG e 001300100MH90H0001FY, sitas na Lugar de A Graña nº 53, Carreira, Ribeira, nos termos da Proforma de Escritura de Agrupación e Segregación de Parcela, presentada o día 27 de setembro de 2024, (Registro de entrada nº 24.318).

SEGUNDO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

TERCEIRO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*



- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

27.- VAO PERMANENTE – José Manuel Muñiz Millet

Visto o escrito presentado por **José Manuel Muñiz Millet**, de data 30/09/2024 (Registro de entrada nº 24.528), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Francisco Lorenzo Mariño, nº 118 (Aguiño).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 03/10/2024 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Conceder a José Manuel Muñiz Millet**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (5,30 m.), na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Francisco Lorenzo Mariño, nº 118 (Aguiño), según o sinalado no citado informe policial.
 - Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facelle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

28.- VAO PERMANENTE – The Logistic Box Premium

Queda sobre a mesa pendente de informe urbanístico o escrito presentado por Ana Outeiral Martínez en representación de **The Logistic Box Premium**, de data 16/09/2024 (Registro de entrada nº 23.014), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa García Bayón, nº 1 (Ribeira).

29.- AUTORIZACIÓN INSTALACIÓN ESPELLO DE TRÁFICO EN LUGAR DE CARBALLAL, Nº 7 (PALMEIRA) – Comunidade de Propietarios “Faro de Corrubedo”

Visto o escrito presentado por Mariló Rodríguez de Alisal en representación de **Comunidade de Propietarios “Faro de Corrubedo”**, de data 03/09/2024 (Registro de entrada nº 21.886), no que solicita a instalación dun espello de tráfico na Rúa Buenos Aires, nº 24-28 (Corrubedo), para ter maior visibilidade ao incorporarse á vía pública.



Visto o informe emitido en sentido favorable pola Policía Local, de data 02/10/2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **Autorizar** a instalación dun espello de tráfico na Rúa Buenos Aires, nº 24-28 (Corrubedo), segundo o contido no citado informe policial.
- b) O importe de adquisición e mantemento do citado espello deberá ser financiado por conta do solicitante, ao tratarse dunha entrada/saída de garaxe dunha colectividade determinada de usuarios.
- c) A instalación do espello será a cargo do Concello de Ribeira

30.- SOLICITUDE SUBSTITUCIÓN DE QUIOSCO – Organización Nacional de Ciegos Españoles (ONCE)

Visto o escrito presentado por Manuel Martínez Pan en representación da **Organización Nacional de Ciegos Españoles (ONCE)**, de data 03/10/2024 (Rexistro de entrada nº 24.777), no que solicita autorización para a substitución dun quiosco adicado á venda de produtos de xogo responsable da ONCE, situado na Avenida do Malecón (Ribeira), por un novo modelo de quiosco máis seguro, accesible e atractivo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda informar** ao solicitante que deberá solicitar autorización para a substitución da mencionada instalación ao ente público **Portos de Galicia**, xa que se trata dun espazo (Avenida do malecón - Ribeira) de titularidade autonómica, sendo esta a autoridade competente para ceder o citado permiso.

31.- SOLICITUDE INSTALACIÓN DE TÓTEMS/MONOLITOS INFORMATIVOS EN ESPAZO PÚBLICO – Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica

Visto o escrito presentado por María Esther Vidal Rodríguez en representación da **Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica**, de data 03/10/2024 (Rexistro de entrada nº 24.787), no que solicita autorización para a instalación temporal de tótems/monolitos informativos do “Proxecto Amiríos”, os días 26/10/2024 a 03/11/2024, na praza peonil da Avenida do Malecón (Ribeira), no treito comprendido entre a Rúa Campo de Marte e a Avenida Romero Ortiz.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Non autorizar a instalación temporal de tótems/monolitos informativos do “Proxecto Amiríos”, os días 26/10/2024 a 03/11/2024, na praza peonil da Avenida do Malecón (Ribeira), no treito comprendido entre a Rúa Campo de Marte e a Avenida Romero Ortiz.
- Informar que a Avenida do Malecón (Ribeira) está baixo a competencia do Ente Público **Portos de Galicia**, polo que deberán dirixirse a este organismo para solicitar dita autorización.
- Se desexasen cambiar a ubicación da instalación temporal, deberá ser fóra do espazo competencial de Portos de Galicia, polo que deberá comunicalo con suficiente antelación para poder ser autorizado.



- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

32.- SOLICITUDE PINTADO LIÑA AMARELA EN ALDEA VELLA (FRIÓNS) – Xabier Vidal Peón

Visto o escrito presentado por **Xabier Vidal Peón**, de data 01/10/2024 (Registro de entrada nº 24.605), no que solicita o pintado de liña amarela en Aldea Vella (Frións), ao carón do nº 67.

Visto o informe favorable emitido ao respecto pola Policía Local, de data 04/10/2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda á sinalización horizontal mediante pintado de liña amarela para prohibir o estacionamento de vehículos, deixando o espazo dun vehículo, xa que se trata dunha vía moi estreita cun carril de circulación en ambos sentidos, segundo o contido do citado informe policial

33.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN III ANDAINA SOLIDARIA “RIBEIRA EN MARCHA CONTRA O CANCRO” – Asociación Española de Lucha contra el Cáncer

Visto o escrito presentado por Manuel Aguilar López en representación da **Asociación Española de Lucha contra el Cáncer**, de data no que solicita autorización, apoio e impulso do Concello de Ribeira para a celebración da III Andaina Solidaria “Ribeira en Marcha contra o Cancro”, o día 26/10/2024, coa finalidade de fomentar os hábitos de vida saudables a través do exercicio físico e de informar dos servizos gratuitos da asociación, así como para captar fondos destinados á investigación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar, así como prestar o apoio e impulso do Concello de Ribeira para a celebración da III Andaina Solidaria “Ribeira en Marcha contra o Cancro”, o día 26/10/2024, coa finalidade de fomentar os hábitos de vida saudables a través do exercicio físico e de informar dos servizos gratuitos da asociación, así como para captar fondos destinados á investigación.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

34.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Raquel Sanlés González (CAPITÁN MORGAN)

VISTO o escrito presentado por **Raquel Sanlés González**, en representación do establecemento “Capitán Morgan” (Ribeira), de data 07/10/2024 (Registro de entrada nº 25.176), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Capitán Morgan” (Ribeira), o día 11/10/2024, en horario de 21:30 h. a 23:30 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Raquel Sanlés González, para evento musical no establecemento hostaleiro “Capitán Morgan” (Ribeira), o día 11/10/2024, en horario de 21:30 h. a 23:30 h.



SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Capitán Morgan” (Ribeira) (**Raquel Sanlés González**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.



SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

35.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTOS MUSAIS EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Fernando Peón González (LIVERPOOL)

VISTO o escrito presentado por **Fernando Peón González**, en representación do establecemento “Liverpool Music Club” (Ribeira), de data 25/09/2024 (Registro de entrada nº 24.113), no que solicita permiso para eventos musicais no establecemento hostaleiro “Liverpool Music Club” (Ribeira), os días 03, 04, 05, 10, 11, 12, 17, 18, 19, 24, 25 e 26/10/2024, en horario de 21:00 h. a 00:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Fernando Peón González, para eventos musicais no establecemento hostaleiro “Liverpool Music Club” (Ribeira), os días 10, 11, 12, 17, 18, 19, 24, 25 e 26/10/2024, en horario de 21:00 h. a 00:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Liverpool Music Club” (Ribeira) (Fernando Peón González), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza,*



tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”

- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”
- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados



da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

36.- PROPOSTA EN RELACIÓN COA REORDENACIÓN DO TRÁFICO LEVADA A CABO EN AGUIÑO – José Manuel Muñiz Millet

Visto o escrito presentado por **José Manuel Muñiz Millet**, de data 30/09/2024 (Registro de entrada nº 24.529), no que solicita se tomen as medidas necesarias para que se cumpran as normas de circulación no relativo á sinal de “*Prohibido o paso excepto autorizados*”, na Rúa Francisco Lorenzo Mariño (Aguiño), enfronte ao Centro de Saúde.

Visto o informe/proposta emitido ao respecto pola Policía Local, de data 07/10/2024, no que sinala:

“(…)

Trala remodelación da fachada marítima de Aguiño, entre outras actuacións de obra civil está a creación da plataforma única no treito de vía onde se atopa o acceso á Casa do Mar-Centro de Saúde de Aguiño, de sentido único de circulación e exclusivamente para “vehículos autorizados”. Aínda que a normativa establece a preferencia do peatón fronte a calquera tipo de vehículo por ese tipo de vías, e hai sinalización vertical expresa que así o indica (S-28, rúa residencial), compre instalar un sinal de “entrada prohibida” (R-101) no cruce coa rúa da Xunqueira porque non hai ningunha sinalización nin norma reglamentaria que prohíba o acceso á rúa peonil dende esa intesección, co risco que supón para a seguridade viaria en xeral e, en particular, para os peóns.

Noutro tipo de cuestións, ata antes de remodelar a plataforma que rodea a Casa do Mar, existía unha zona de aparcamento reservado para os vehículos particulares do persoal que traballa no Centro de Saúde. Non obstante, se atendemos as posturas encamiñadas a protexer o ben xurídico relativo á seguridade dos peóns, foi suprimido tanto a circulación rodada en xeral como, en particular, o aparcamento, non sin ter previstas as alternativas existentes no lugar. Concretamente, en canto ao aparcamento, xusto enfrente hai unha grande explanada (na zona portuaria) na que hai moito espazo libre para aparcarse libre e gratuitamente todo ano, agás casos excepcionais, como cando se celebra algunha festa ou evento deportivo (que case sempre coinciden en horario ou data inhábil). Ademais de esa zona de aparcamento, é fácil atopar prazas libres nas vías de arredor da Casa do Mar.

Por todo iso, atendendo ao criterio de mobilidade que garante a seguridade viaria, especialmente dos peóns, esta Xefatura suxire que, ademais de colocar o sinal de entrada prohibida no cruce que antes se indicou (da rúa Francisco Lorenzo Mariño coa rúa Da Xunqueira), se resalte o carácter peonil do treito de vía de plataforma única mediante a instalación de mobiliario urbano que supoña un impedimento físico para aparcarse en certos ocos que se prestan a elo.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes **acorda**

- Autorizar a instalación de sinalización vertical de entrada prohibida (R-101) no cruce da rúa Francisco Lorenzo Mariño coa rúa da Xunqueira (Aguiño), segundo o sinalado no citado informe policial.
- Autorizar o resalte do carácter peonil do treito de vía de plataforma única mediante a instalación de mobiliario urbano que supoña un impedimento físico para aparcarse en certos ocos que se prestan a elo, segundo o indicado no citado informe policial.
- Deberá pintarse con sinalización horizontal amarela no tramo situado ao carón da terraza cuberta dun establecemento hostaleiro (Fotografía 2 do informe policial).

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800158F3100G9R0F0Z3M1U2 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO: 20241412913
	LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 11/10/2024 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/10/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/10/2024 09:04:40	Fecha: 14/10/2024 Hora: 09:04





37.- APROBACIÓN DAS BASES DA RUTA DE TAPAS DE OUTONO 2024 "TOMA CASTAÑA"

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Turismo, Festexos, Relacións Institucionais e Novas Tecnoloxías, Francisco Suárez-Puerta Colomer, de data 08/10/2024, relativo á aprobación das bases da Rutas de Tapas de Outono 2024 "Toma Castaña", no que expón:

"Con motivo da vindeira programación de outono 2024, desde o Servizo de Turismo co fin de impulsar un fluxo de turismo tanto de poboación local como foránea; estamos interesados en crear a organización dunha ruta de tapas de outono "TOMA CASTAÑA" polos locais hostaleiros do municipio.

Esta ruta de tapas terá lugar as dúas primeiras fins de semana de novembro coincidindo nos venres e sábados os días 1, 2, 8 e 9 de novembro en horario aberto en todos os locais hostaleiros do municipio de Ribeira que se adscriban a esta iniciativa.

Para garantir a boa organización deste evento é preciso regular e dispor das bases de participación que permitan establecer normas e criterios de aplicación no seu desenvolvemento."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar as bases da Rutas de Tapas de Outono 2024 "Toma Castaña".

38.- SOLICITUDE CELEBRACIÓN EVENTO FESTIVO NO CAMPO DE FÚTBOL DE OLVEIRA – Asociación Cultural As Dunas

Visto o escrito presentado por José Manuel Martínez Suárez en representación da **Asociación Cultural As Dunas/ Comisión de Festas de Olveira**, de data 05/10/2024 (SOLIC0006700), no que solicitan autorización para a celebración de evento festivo (Ruta cabalar, comida campestre con pulpeira, sesión de tarde con DJ), o día 19/10/2024, no campo de fútbol de Olveira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Non atopar inconveniente á celebración do citado evento festivo. Sen embargo se lle informa que non é posible autorización municipal por mor a que se trata



dunha celebración en espazo privado, fóra das competencias municipais por ser espazo natural protexido.

- Así mesmo se lle informa que para obter autorización **deberá solicitala á Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia**, debido a que o espazo onde se pretende a celebración está situado en zona protexida polo Parque Natural de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán; así como o permiso do/s **propietario/s das instalacións**.
- Informar que, una vez obtidas as correspondentes autorizacións, valorarase a colaboración municipal den reforzo de contedores RSU e servizo de limpeza, para o que deberán ponerse en contacto coa Concelleira Delegada de Limpeza Viaria.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

39.- SOLICITUDE COLABORACIÓN MUNICIPAL PARA SIMULACRO DE EMERXENCIA – Asociación Ambar

Visto o escrito presentado por Milagros Rey Pérez en representación da **Asociación Ambar**, de data 08/10/2024 (Rexistro de entrada nº 25.269), no que solicita a colaboración do Grupo de Axuda e Emerxencias Municipal (GAEM) no simulacro de emerxencia e evacuación, que se celebrará o día 14/10/2024, ás 12:30 h., no Centro de Recursos situado no Lugar de San Roque – Frións.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a colaboración do Grupo de Axuda e Emerxencias Municipal (GAEM) no simulacro de emerxencia e evacuación, que se celebrará o día 14/10/2024, ás 12:30 h., no Centro de Recursos situado no Lugar de San Roque – Frións.
- Dar traslado deste acordo ao GAEM e Policía Local para o seu coñecemento.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

